



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Xosé María Arias Fernández
D. Carlos López López

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día **vinte de marzo de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnen as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona Iria Castro Fernández e os señores deputados don Miguel Fernández Méndez e don Iván Castro Díaz.

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU		Página	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRECE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de marzo de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Informe relativo á modificación da documentación necesaria para a tramitación de convenios interadministrativos de cooperación cos concellos aprobada por acordo da xunta de goberno de data 30 de xaneiro de 2026

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/XEN_01/000843), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe,

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2026, aprobou a seguinte documentación:

- 1º. O borrador do convenio tipo de cooperación cos concellos (gasto corrente e inversión)
- 2º. A Memoria de actuacións. (solicitude)
- 3º. A declaración responsable (conta xustificativa)
- 4º. A declaración responsable (anticipo)
- 5º. A certificación xenérica. (xustificación)

Segundo: Tendo en conta que a documentación aprobada -concretamente os anexos- debe adaptarse ao establecido no Regulamento xeral de protección de datos -RXPd- e que preténdese a modificación da cláusula cuarta do convenio tipo para favorecer aos concellos informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

A aprobación da modificación da documentación que se relaciona a continuación e que consta no expediente:

O borrador do convenio tipo de cooperación cos concellos (gasto corrente e inversión)

A Memoria de actuacións. (solicitude)

A declaración responsable (conta xustificativa)

A declaración responsable (anticipo)

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	2/46





A certificación xenérica. (xustificación)”

Proponse que pola Xunta de Goberno se aprobe o seguinte acordo:

Aprobar a documentación, con CSV IV7RSPHDDNRSTGE3A4VBAMCHGA, que se relaciona a continuación:

O borrador do convenio tipo de cooperación cos concellos (gasto corrente e inversión).

A Memoria de actuacións. (solicitud).

A declaración responsable (conta xustificativa).

A declaración responsable (anticipo).

A certificación xenérica. (xustificación)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no Concello de Samos ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: informe favorable

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	3/46	

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/005010) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

Antecedentes de feito

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 19 de setembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro .aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello De Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no Concello de Samos ano 2025 por importe total de 219.957,16 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...) Segundo A aprobación do gasto, por importe de 219.957,16 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no concello de Samos ano 2025 formalizouse o 23 de setembro de 2025.

Terceiro: A alcaldesa do concello de Samos remitiu, o 10 de febreiro de 2026, escrito no que se establece o seguinte:

“(…)

Visto que segundo a cláusula cuarta, 4.2 apartado 3 e a cláusula quinta letra c), a data límite de execución da actuación é 30/09/2026 e a data límite de xustificación é o 31/10/2026.

Debido a dificultade de cumprir cos prazos administrativos derivados do expediente (concesión de permisos sectoriais, adxudicación das obras, execución, xustificación...)

Solicita:

Que se conceda unha ampliación no prazo de execución e xustificación ata o día 30/11/2026”

Polo que a Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 20 de febreiro de 2026, aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no concello de Samos ano 2025 para ampliar os prazos de execución e de xustificación ata o 30 de novembro de 2026.

Cuarto: A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “obras de pavimentación de vías

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	4/46





públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no concello de Samos ano 2025 formalizouse o 2 de marzo de 2026.

Quinto: A alcaldesa do concello de Samos remitiu, o 10 de marzo de 2026, escrito no que literalmente se estable o seguinte:

“(…)

Que o investimento “Mellora bebedeiro de auga en Formigueiros e honorarios facultativos”, pertencente ó devandito convenio, presenta o seguinte problema que dificulta a súa execución:

O día 10 de outubro de 2025 rexistrouse no rexistro de entrada do concello de Samos (núm 2025-E-RC-1462) un requirimento da CHMS no que se solicita o seguinte:

“si con las actuaciones se pretende realizar un aprovechamiento de las aguas, deberá solicitar la correspondiente Concesión ante este Organismo. No obstante, si por el contrario lo que se pretende es la rehabilitación de la zona con fines etnográficos, deberá aportar la acreditación de que el bebedero cuenta con algún tipo de protección patrimonial”

Debido a que a actuación non comprendería un aproveitamento de augas e que o bebedeiro tampouco conta con ningún tipo de protección patrimonial, sendo inviable catalogalo como tal a efectos de cumprir cos prazos administrativos de execución e xustificación fixados polo convenio.

En base a razón exposta e a documentación adxunta ó presente escrito

Solicita:

O cambio do investimento mellora bebedeiro de auga en Formigueiros e honorarios facultativos” polo investimento “Obras pola administración de mellora dos viales no Covallo e honorarios facultativos”, permanecendo inalterado o importe total do investimento incluídos os honorarios, que seguiría sendo de 5.004,75 €”

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU		Página	

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Oitava.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusiones

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros

E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada dende o concello de Samos nos termos da segunda addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a segunda addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no Concello de Samos ano 2025 cuxo contido é o seguinte:

Segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no Concello de Samos ano 2025.

Reunidos

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	6/46	



Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona María Jesús López López, Alcaldesa do Concello de Samos, con N.I.F P2705500C e sede social na Praza de España,1 CP 27620, Samos, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente segunda addenda e a tal efecto,

Manifestan

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 19 de setembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro .Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no concello de samos ano 2025 por importe total de 219.957,16 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo A aprobación do gasto, por importe de 219.957,16 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no concello de Samos ano 2025 formalizouse o 23 de setembro de 2025.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	7/46



Terceiro: A alcaldesa do concello de Samos remitiu, o 10 de febreiro de 2026, escrito no que se establece o seguinte:

“(…)

Visto que segundo a cláusula cuarta, 4.2 apartado 3 e a cláusula quinta letra c), a data límite de execución da actuación é 30/09/2026 e a data límite de xustificación é o 31/10/2026.

Debido a dificultade de cumprir cos prazos administrativos derivados do expediente (concesión de permisos sectoriais, adxudicación das obras, execución, xustificación…)

Solicita:

Que se conceda unha ampliación no prazo de execución e xustificación ata o día 30/11/2026”

Polo que a Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 20 de febreiro de 2026, aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no concello de Samos ano 2025 para ampliar os prazos de execución e de xustificación ata o 30 de novembro de 2026.

Cuarto: A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no concello de Samos ano 2025 formalizouse o 2 de marzo de 2026.

Quinto: A alcaldesa do concello de Samos remitiu, o 10 de marzo de 2026, escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“(…)

Que o investimento “Mellora bebedeiro de auga en Formigueiros e honorarios facultativos”, pertencente ó devandito convenio, presenta o seguinte problema que dificulta a súa execución:

O día 10 de outubro de 2025 rexistrouse no rexistro de entrada do concello de Samos (núm 2025-E-RC-1462) un requirimento da CHMS no que se solicita o seguinte:

“si con las actuaciones se pretende realizar un aprovechamiento de las aguas, deberá solicitar la correspondiente Concesión ante este Organismo. No obstante, si por el contrario lo que se pretende es la rehabilitación de la zona con fines etnográficos, deberá aportar la acreditación de que el bebedero cuenta con algún tipo de protección patrimonial”

Debido a que a actuación non comprendería un aproveitamento de augas e que o bebedeiro tampouco conta con ningún tipo de protección patrimonial, sendo inviable catalogalo como tal a efectos de cumprir cos prazos administrativos de execución e xustificación fixados polo convenio.

En base a razón exposta e a documentación adxunta ó presente escrito

Solicita:

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU		Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU		Página	8/46	



O cambio do investimento mellora bebedeiro de auga en Formigueiros e honorarios facultativos” polo investimento “Obras pola administración de mellora dos viales no Covallo e honorarios facultativos”, permanecendo inalterado o importe total do investimento incluídos os honorarios, que seguiría sendo de 5.004,75 €”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente segunda addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula primeira do convenio que quedará redactada no seguinte senso:

“Primeira.- Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Samos, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ACTUACIÓNS	1.CUSTE TOTAL
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN INTERIOR DO NÚCLEO DE SAN CRISTOBO DO REAL E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	23.204,10 €
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NO INTERIOR DO NÚCLEO DE GONTÁN E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	12.787,85 €
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NO INTERIOR DO NÚCLEO DE BUSTOFRÍO E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	14.748,59 €
ACTUACIÓNS EN PONTE DE LÓUZARA E PARADA DE LÓUZARA E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	11.967,24 €
MELLORAS INTERIORES NO NÚCLEO DE PRADUCELO E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	12.485,56 €
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN EN SANTALLA DE ARRIBA E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	10.916,55 €
OBRAS POLA ADMINISTRACIÓN DE MELLORA DOS VIAIS NO COVALLO E HONORARIOS, (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	5.004,75 €

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU		Página	

ACTUACIÓNS	1. CUSTE TOTAL
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NO VIAL DE FURELA A ESTRAXIZ E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	28.720,89 €
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE LOUSADA Ó FRANCO E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	13.644,48 €
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NO VIAL DO COVALLO A ABRADELO ATA LÍMITE MUNICIPAL E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	20.630,92 €
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NO VIAL DE ZOO Á MONTÁN E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	12.097,39 €
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NO VIAL DE ACCESO A ZOO E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	5.394,99 €
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NO INTERIOR DO NÚCLEO DE VILADOCASTRO E MELLORAS NO BEBEDEIRO E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	19.673,09 €
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NO VIAL DE ACCESO A GAMIZ E HONORARIOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	28.680,76 €
CUSTE TOTAL	219.957,16 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
219.957,16 €	0,00 €
TOTAL: 219.957,16 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida”.

Segunda. As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito, con data 23 de setembro de 2025 e modificado con data 2 de marzo de 2026, esta segunda addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente segunda addenda de modificación do que como Secretario dou fe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	10/46	



2ª.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Lourenzá, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/002641) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

Antecedentes de feito

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 5 de decembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro .Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de lourenzá, ano 2025 por importe total de 209,652,00 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo A aprobación do gasto, por importe de 209.652,00 € (dos que 148.952,00 €. son con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 60.700,00 € son con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200) do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Lourenzá, ano 2025 formalizouse o 9 de decembro de 2025.

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	11/46	

Terceiro: A alcaldesa do concello de Lourenzá remitiu escrito no que se establece o seguinte:

“Expón :Que ante a ausencia da Secretaria Titular deste Concello e dada a proximidade de remate do prazo de xustificación da liña 2 (gasto corrente) do convenio interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Lourenzá, ano 2025.

Solicita: Unha prórroga de mes e medio para poder xustificar a liña 2 do citado convenio”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 209.652,00€ (dos que 148.952,00 €. son con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 60.700,00 € son con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200) do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Lourenzá financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

B)Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será, no que respecta ás actuacións da Liña 1, de titularidade municipal. Sen embargo, o resultado da cooperación, no que respecta ás actuacións da Liña 2, será dos veciños e veciñas que formen parte das citadas actividades culturais e deportivas.

C)Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lourenzá se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro da Liña 2 abarca ata o 31 de marzo de 2026. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lourenzá se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro da Liña 1 abarca ata o 31 de outubro de 2026.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións - incluídas nas Liñas 1 e 2- obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas e pagadas.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	12/46





A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación das obras.

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarse coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	13/46	

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do/s ben/s (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos).

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente”.

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Oitava.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusiones

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)

O novo prazo non excede da metade do prazo previsto

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros

E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	14/46





dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Lourenzá nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Lourenzá, ano 2025 cuxo contido é o seguinte:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Lourenzá, ano 2025.

Reunidos

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona Rocio López García, Alcaldesa do Concello de Lourenzá, con N.I.F P2702700B e sede social na Praza Conde Santo, s/n, CP 27760, Lourenzá, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	15/46	

Manifestan

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 5 de decembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro .Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de lourenzá, ano 2025 por importe total de 209,652,00 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo A aprobación do gasto, por importe de 209.652,00 € (dos que 148.952,00 €. son con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 60.700,00 € son con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200) do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Lourenzá, ano 2025 formalizouse o 9 de decembro de 2025.

Terceiro: A alcaldesa do concello de Lourenzá remitiu escrito no que se establece o seguinte:

“Expón :Que ante a ausencia da Secretaria Titular deste Concello e dada a proximidade de remate do prazo de xustificación da liña 2 (gasto corrente) do convenio interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Lourenzá, ano 2025.

Solicita: Unha prórroga de mes e medio para poder xustificar a liña 2 do citado convenio”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula quinta do convenio que quedará redactada no seguinte senso:

Cláusula Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 209.652,00€ (dos que 148.952,00 €. son con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 60.700,00 € son con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200) do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	16/46





2.-Achega do Concello:

O Concello de Lourenzá financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

1.Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será, no que respecta ás actuacións da Liña 1, de titularidade municipal. Sen embargo, o resultado da cooperación, no que respecta ás actuacións da Liña 2, será dos veciños e veciñas que formen parte das citadas actividades culturais e deportivas.

2.Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lourenzá se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro da Liña 2 abarca ata o 15 de maio de 2026.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lourenzá se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro da Liña 1 abarca ata o 31 de outubro de 2026.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións - incluídas nas Liñas 1 e 2- obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas e pagadas.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	17/46



públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación das obras.

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

B)Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do/s ben/s (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos).

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente”.

Segunda. As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito, con data 9 de decembro de 2025, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe”.

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	18/46





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3ª.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de equipamentos de titularidade municipal” no Concello de Foz, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/XEN_01/000994) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 24 de outubro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de equipamentos de titularidade municipal” no Concello de Foz, ano 2025 por importe total de 315.071,39 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo. A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	19/46



derivados da execución da actuación “Mellora de equipamentos de titularidade municipal” no Concello de Foz, ano 2025 formalizouse o 18 de novembro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Foz remitiu, o 17 de marzo de 2026 e o 18 de marzo de 2027, escritos nos que se solicita a modificación do convenio para poder aplicar os remanentes derivados da baixa na licitación da actuación obxecto do convenio, e que ascenden a 111.850,34 €, na execución doutras actuacións que redundarían na conservación e mellora doutros equipamentos de titularidade municipal e que se atopan nun deficiente estado de conservación.

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira: No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Oitava.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusións.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

1º. Que a dispoñibilidade, por parte do concello, de dito remanente, por importe de 111.850,34 €, supón unha importante inxección económica para mellorar outro equipamentos de titularidade municipal e que se atopan nun deficiente estado de conservación

2º. Que os modelos de convenio tipo aprobados por acordo de Xunta de Goberno, de data 30 de xaneiro de 2026, van ser obxecto de modificación no mesmo senso (modificar a cláusula 4.1 en beneficio dos concellos)

3º. Que o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	20/46	

4º. Que media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Foz nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de equipamentos de titularidade municipal” no Concello de Foz, ano 2025 cuxo contido é o seguinte:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de equipamentos de titularidade municipal” no Concello de Foz, ano 2025

Reunidos

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Francisco Cajoto Caserío, Alcalde do Concello de Foz, con N.I.F P2701900I e sede social na Av. Álvaro Cunqueiro, 24 CP 27780, Foz, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	21/46



Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 24 de outubro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de equipamentos de titularidade municipal” no Concello de Foz, ano 2025 por importe total de 315.071,39 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de equipamentos de titularidade municipal” no Concello de Foz, ano 2025 formalizouse o 18 de novembro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Foz remitiu, o 17 de marzo de 2026 e o 18 de marzo de 2027, escritos nos que se solicita a modificación do convenio para poder aplicar os remanentes derivados da baixa na licitación da actuación obxecto do convenio, e que ascenden a 111.850,34 €, na execución doutras actuacións que redundarían na conservación e mellora doutros equipamentos de titularidade municipal e que se atopan nun deficiente estado de conservación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula cuarta do convenio que quedará redactada no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

“4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	22/46





2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Foz:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Foz, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	23/46	

12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

13. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras) “

Segunda. As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito, con data 18 de novembro de 2025, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2026.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo co fin de promover e difundir o deporte nas súas distintas disciplinas, sendo consciente das dificultades que teñen que afrontar os e as deportistas lucenses de modalidades individuais, para progresaren na súa formación integral e para articular a súa participación dentro dese espazo deportivo e como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva de competición e de implicación do/da deportista, na perspectiva desa actividade como fórmula de extensión do benestar social.

Á vista que de acordo ao previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026-2028) da Deputación Provincial de Lugo e no Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xaneiro de 2026, e busca promover ente outros obxectivos específicos:

1) Promover e fomentar a participación das entidades deportivas da provincia nas distintas competicións das súas respectivas disciplinas e modalidades.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	24/46





- 4) Fomentar o deporte autóctono e tradicional, o deporte recreativo e o dedicado a saúde. Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.
- 5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, a loita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.
- 6) Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.
- 12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.
- 13) Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.
- 14) Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.
- 17) Á promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.
- 20) Á promoción e formación deportiva, con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saudable e deporte autóctono e tradicional.
- 22) Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.

Visto o informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a convocatoria e as bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais 2026.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481 do orzamento da anualidade 2026, segundo se recolle no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026-2028) da Deputación Provincial de Lugo e no Anexo I, sobre liñas,

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	25/46



actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xaneiro de 2026.

3º.- Aprobación dos modelos de anexos de solicitude desta convocatoria”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil catrocentos trinta e tres euros (1.433,00 €) a Agrupación Deportiva Matela para fútbol; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025, emite o seguinte, INFORME:

Primeiro. Que o Agrupación Deportiva Matela presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 25/02/26 11:44 e número de expediente 2026/PES_03/003873 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2025, concedida para fútbol, por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025.

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo do día 28 de febreiro de 2025, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.

Anexo II: Memoria detallada actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre a realización da actividade e do cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade, incidencia social, competición/s na/s que se participou, categorías deportivas, datos deportivos da actividade, resultados obtidos, etc...

Cadro de importes de financiamento.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	26/46





Declaración do custo total da actividade subvencionada.

Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

Anexo III: Declaración responsable relativa a:

Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

V. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)" dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)" dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VII. Que incluíu a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregou o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilizou para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	27/46	

VIII. Que no desenvolvemento da actividade non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puidesen considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

IX. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

X. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

Anexo IV:

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Outra documentación

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	28/46	



A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

	IV7R47CNHRUPTPV2EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV2EYROVCACU	Página	29/46



O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 26/02/2026 12:53 e número de rexistro de saída 2026RPS002711, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

Anexo IV relación clasificada e imputación de gastos.

Na relación de gastos aparecen os seguintes gastos non subvencionables: aspersor riego, polo que deberá modificar o anexo. Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.

Na relación de gastos aparece un certificado da Federación Galega de Fútbol de 358,00 € de data 10/02/2026, debe indicar as datas de pagamento.

Na relación de gastos aparece unha factura simplificada que parece que son dous pero soamente se indica unha cantidade, deberán aparecer de forma individualizada.

Ditas facturas simplificadas soamente poderán imputarse como gasto no caso de que conteñan os datos de facturación do beneficiario.

Anexo I instancia.

Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.

Anexo II memoria xustificativa.

Cadro de financiamento:

Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III

Punto III:

Debe indicar a causa da desviación tendo en conta os conceptos e importes indicados no orzamento presentado na solicitude de subvención (anexo 3)

Boletíns de mutualidade da anualidade 2025 (20298 23050 30174 34543 35327 36189 38211 38924 42964)

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	30/46





Comprobantes de pago dos boletíns de mutualidade das seguintes datas 05/09/25 (2000 €) 01/10/2025 (310 €) 08/10/2025 (172 €) 26/11/2025 (157 €) 09/12/2025 (970 €)

Os comprobantes de pago deben conter a conta de orixe e a destino.

Certificado da Federación Galega de Fútbol de 358,00 € de data 10/02/2026.

Cuarto. Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 26/02/2026 13:44:41.

Quinto. Que con data 26/02/2026 13:44:44 e número de expediente 2026/PES_03/003873, e por tanto dentro do prazo de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade Agrupacion Deportiva Matela presentou documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado.

Sexto. Que revisada a documentación presentada pola entidade Agrupacion Deportiva Matela detectase que presenta unha declaración na que indica: que parte dos gastos sufragados por esta entidade deportiva foron subvencionados pola Excelentísima Diputación Provincial de Lugo. Non facemos ningún tipo de publicidade para a practica de dito deporte. Si usamos o galego como idioma oficial como se pode comprobar na solicitude e xustificación da subvención.

Sétimo. Tendo en conta o punto 3 das bases da convocatoria, Requisitos que deberán reunir as entidades beneficiarias, 3.a Obrigas dos beneficiarios, letra j:

Os clubs e entidades beneficiarias da subvención incluírán a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregarán o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado, de acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, e sen prexuízo de realizaren tamén os referidos soportes noutras linguas. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.

Visto que na solicitude formulada pola entidade deportiva, anexaba orzamento de gasto no que se incluían gastos de vestimenta deportiva e que tales gastos aparecen

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	31/46



reflectidos no respectivo anexo de conta xustificativa identificados como “roupa deportiva” e “petos”.

Visto que en consecuencia a entidade deportiva dispuxo de soportes nos que desenvolver e cos que acreditar a obriga recollida nas bases da convocatoria relativa á inclusión da imaxe corporativa da Área de Deportes e a utilización do idioma galego en todos aqueles soportes que utilizase para adquirir o comportamento subvencionado, e independentemente daqueles outros que puidesen concretarse na utilización de redes sociais ou cartelería da actividade deportiva.

Visto en consecuencia, que a entidade deportiva declara expresamente o incumprimento da obriga recollida nas bases da convocatoria, Base 3. a obrigas dos beneficiarios, letra j.

Visto que ao abeiro das bases da convocatoria se procedeu ao tramite de requirimento da conta xustificativa previsto no punto 12º, no que se advertía que a falta de presentación de xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención e, tamén ao reintegro da contía anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade con canto se establece na Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Visto o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se sinala que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións, e así mesmo que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o menos que para o de reintegro de subvención, establecido no artigo 42 da Lei xeral de Subvencións, e o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Visto o previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, na que se prevé que na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas deberá tramitarse o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos, procede tramitar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención concedida a Agrupacion Deportiva Matela por importe de mil catrocentos trinta e tres euros (1.433,00 €) para fútbol, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	32/46





concorrenca competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrenca competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

2º.- En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario Agrupacion Deportiva Matela, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrenca competitiva, ano 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DE CRÉDITO ORZAMENTARIO AO PROGRAMA “MANS ARTESÁS 2026”.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU		Página 33/46	

Por acordo da Xunta de Goberno de data 30 de Xaneiro de 2026 aprobouse o programa “Mans Artesás 2026” dirixido a entidades sen ánimo de lucro, concellos e artesáns/ás da provincia de Lugo co obxectivo de complementar a programación cultural de natureza artesanal por toda a provincia.

Para o desenvolvemento do dito programa acordouse unha retención de crédito inicial por importe de 70.000,00€. Este importe resulta insuficiente para cubrir o volume total de actuacións do Centro de Artesanía e Deseño ao abeiro do programa “Mans Artesás 2026”. Para unha mellor cobertura do sector resulta necesario incrementar a dotación financeira do programa.

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Ampliación da consignación orzamentaria inicialmente prevista para o programa “Mans Artesás 2026” por un importe de 70.000,00€”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN A FAVOR DE RUBÉN FERNÁNDEZ IRAVEDRA, JOSE LUÍS FERNÁNDEZ GÓMEZ, ADRIÁN RODRÍGUEZ MORÁN E JUAN CARLOS VILARÍN GONZÁLEZ PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, CATRO (4) PRAZAS DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A DO GRUPO C SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais para cubrir prazas do cadro de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, catro prazas de maquinista-condutor/a, reservadas a promoción interna vertical, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na específica 4, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	34/46





das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Rubén Fernández Iravedra, para ocupar a praza número 3400, denominada maquinista-condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2025, adxudicándolle o posto de traballo denominado maquinista-condutor/a Nivel II número 1847, vinculado á citada praza.

Don Jose Luis Fernández Gómez, para ocupar a praza número 3401, denominada maquinista-condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2025, adxudicándolle o posto de traballo denominado maquinista-condutor/a Nivel II número 1848, vinculado á citada praza.

Don Adrián Rodríguez Morán , para ocupar a praza número 3399, denominada maquinista-condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2025, adxudicándolle o posto de traballo denominado maquinista-condutor/a Nivel II número 1846, vinculado á citada praza.

Don Juan Carlos Vilarín González, para ocupar a praza número 3402, denominada maquinista-condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2025, adxudicándolle o posto de traballo denominado maquinista-condutor/a Nivel II número 1849, vinculado á citada praza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN A FAVOR DE FRANCISCO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, ANA MARÍA HORTAS ALONSO E MIGUEL ÁNGEL DE CESÁREO FERNÁNDEZ PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, TRES (3) PRAZAS DE CÁMARA PROFESIONAL-REPORTEIRO DO

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	35/46



GRUPO C SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais para cubrir prazas do cadro de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, tres prazas de cámara profesional-reporteiro/a, reservadas promoción interna vertical, grupo C- subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e específica 4, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Francisco Fernández Vázquez, para ocupar a praza número 3368, denominada cámara profesional-reporteiro/a, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, adxudicándolle o posto de traballo denominado cámara profesional-reporteiro/a Nivel I número 1743, vinculado á citada praza.

Dona Ana María Hortas Alonso, para ocupar a praza número 3369, denominada cámara profesional-reporteiro/a, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, adxudicándolle o posto de traballo denominado cámara profesional-reporteiro/a Nivel I número 1744, vinculado á citada praza.

Don Miguel Ángel de Cesáreo Fernández, para ocupar a praza número 3370, denominada cámara profesional-reporteiro/a, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, adxudicándolle o posto de traballo denominado cámara profesional-reporteiro/a Nivel I número 1745, vinculado á citada praza”.

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	36/46





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUN TÉCNICO DE XESTIÓN DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO QUE OCUPA O POSTO DE “XEFE/A UNIDADE I APOIO, COORDINACIÓN E XESTIÓN TERRITORIAL”, CON CARÁCTER DEFINITIVO.

Detectado erro material na proposta procédese a súa corrección quedando redactado do seguinte xeito:

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Antonio Arias Vázquez, nacido o 24 de abril de 1961, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de “Xefe/a Unidade I Apoio, Coordinación e Xestión Territorial”, presentou escrito o pasado 26 de decembro de 2025, conformado polo Sr. Presidente, en funcións, no que se propón, á vista das necesidades do Servizo, a prolongación de permanencia no servizo activo, por un ano máis.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social, como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas acaecidas nos últimos anos nesta materia.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU		Página 37/46	

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose , en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada”.

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	38/46





producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, ademais das tarefas e responsabilidades que se derivan do seu posto de traballo, como é o de ser o Responsable dos contratos de Mantemento e Emerxencia da RVP así como dos de Fundentes e Desbroces da RVP, na actualidade están en curso diversos procedementos abertos, tal como se sinala na solicitude de prolongación formulada polo interesado, coa conformidade do Presidente, en funcións.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2024 a 30 de novembro do 2025) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Á vista de canto antecede e dos informes dos servizos, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, na miña

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	39/46



condición de Deputada Delegada da Área Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á pretensión do funcionario de carreira, D. José Antonio Arias Vázquez, de prolongar a permanencia no servizo activo, polo período dun ano, dende o 25 de abril de 2026 ata o 24 de abril de 2027, polas circunstancias extraordinarias sinaladas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA ADMINISTRATIVA ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, QUE OCUPA O POSTO DE “XEFE/A NEGOCIADO I CONTABILIDADE INFORMÁTICA RECADACIÓN”.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D.^a Beatriz Losada López, cumpriu os 65 anos de idade o día 6 de decembro de 2025, que á citada data non tiña recoñecido o tempo suficiente de cotización para a súa xubilación, polo que segundo se establece no Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, do Texto Refundido da Seguridade Social, e segundo informe de simulación xubilación expedido pola Secretaría do Estado da Seguridade Social e Pensións, a súa xubilación retrásase e sitúase nos 65 anos, 4 meses e 18 días, é dicir, o 24 de abril de 2026 e que a interesada non solicitou inicialmente a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta as consideracións de dereito que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala:

“O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

O artigo 67 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU		Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU		Página	40/46	



3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...).

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade”.

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses

[...]”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada, da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, D.ª Beatriz Losada López, con efectividade do día 24 de abril de 2026, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade”.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	41/46



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DESPOIS DE CUMPRIR A IDADE ORDINARIA DE XUBILACIÓN, DUN ADMINISTRATIVO ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Victor Valcárcel Gayoso, Administrativo Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa posto de Administrativo Experto no Servizo de Contratación e Fomento, solicita en data 19 de xaneiro de 2026 prolongación no servizo activo a partir do 19.04.2026, data na que cumpre a idade de xubilación.

Visto o Informe formulado pola Xefa de Servizo de Contratación e fomento do 11.03.2026

Visto o informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

“Normativa de aplicación:

“Para a elaboración deste informe analízase a seguinte normativa reguladora:
Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).
Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
Anexo V do Acordo de condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Deputación provincial de Lugo, de 14 de novembro de 2013.
Consideracións Xurídicas e Técnicas.
Á vista do contido da solicitude que formula, sobre a prolongación da permanencia no servizo activo despois de cumprir a idade ordinaria de xubilación, compre facer as seguintes consideracións:
A Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, 14 de novembro de 2013, culminou un proceso de negociación, cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:
“Anexo V
Xubilación do persoal funcionario e laboral

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	42/46





A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social, como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia. Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia. Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

- a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.
- b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.
- c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia.

A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitud de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

	IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTPV22EYROVCACU	Página	43/46



1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
 2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa. Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada”.

2º.- En canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase conforme ao que se establece na lexislación de función pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A posibilidade de prolongar a permanencia no servizo activo do persoal funcionario que presta servizos nas administración locais, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, está contemplada no artigo 68.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que resulta aplicable ao persoal funcionario da Administración Local, conforme ao previsto no artigo 67.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo obxecto deste informe foi presentada dentro do prazo establecido no procedemento previsto no artigo 68 da amendada Lei de Emprego Público de Galicia.

3º.- Tendo presente o disposto na lexislación aplicable xa mencionada anteriormente e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe sinalar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade ou os sucesivos ata alcanzar a idade de 70 anos, de ter concedida a anual prolongación de permanencia no servizo activo.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala: “As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	44/46





Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses

No que se refire ao interese e necesidades organizativas, conséntase que as necesidades de persoal dentro da estrutura na que presta servizos (Servizo de Contratación e fomento), derivadas da baixa por xubilación ordinaria do funcionario solicitante, poden ser obxecto de cobertura mediante previstos na vixente normativa de función pública, sen por elo dificultar ou impedir o obxectivo do goberno da Entidade de facilitar os procesos de relevo xeracional que contribúa ao imprescindible rexuvenecemento do cadro de persoal para a mellora do funcionamento da organización, posto que non consta a día de hoxe ningunha petición expresa por parte dese Servizo de necesidades específicas a cubrir.

As funcións que está a desempeñar poden ser cubertas por outros efectivos do Servizo co nivel de cualificación do solicitante, poden ser substituídas acudindo aos mecanismos de provisión que recolle o regulamento da Entidade e a normativa de provisión de postos de función pública sen que se alberguen evidencias de maior dificultade que obstaculicen a intención organizativa prevista, ao igual que noutros procesos de relevo que se producirán noutros Servizos como consecuencia da xubilación doutros efectivos.

Segundo se desprende do informe de vida laboral, expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social, non se presentan circunstancias de déficit de carreira de cotización do citado funcionario que abran paso ás previsións e compromisos recollidos de obrigada prolongación da permanencia no servizo activo despois da idade ordinaria de xubilación, conforme ao Anexo V do xa citado Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, de 14 de novembro de 2013, en materia de xubilación, xa que non sufrirá mingua na súa prestación de xubilación da Seguridade Social”.

Á vista de canto antecede, pódese concluír que son os parámetros de oportunidade, exclusivamente, os que deben de considerarse para analizar e resolver estimando ou desestimando a solicitude da persoa funcionario, don Victor Valcárcel Gayoso, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano, xa que non existe prexuízo prestacional que supoña mingua nos seus dereitos de xubilación.

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	45/46



Finalmente sinalar que, de pretender adoptar unha decisión de desestimación da pretensión do funcionario solicitante, esta deberase someter á Xunta de Goberno, por ser este o órgano competente para resolver, conforme ao previsto no artigo 59.4 do vixente Regulamento Orgánico da Excm. Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, do xoves, 3 de setembro de 2020).

Asemade, para dar cumprimento s no artigo 68.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, de querer tomar a decisión de desestimar a solicitude, a Xunta de Goberno deberá ditar resolución expresa (debidamente notificada) antes de transcurrir 3 meses dende a solicitude do interesado, dado que se non o silencio enténdese estimatorio neste caso, conforme ao sinalado na Disposición Transitoria Sétima, en relación ao artigo 205.1 a) do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sobre beneficiarios de prestacións de xubilación contributiva do Réxime Xeral da Seguridade Social”.

Á vista de canto antecedente, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, de considerarse oportuno, propónse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar a pretensión do funcionario de carreira, D. Victor Valcárcel Gayoso, de prolongar a permanencia no servizo activo, despois do cumprimento da idade regulamentaria de xubilación; e tramitar de oficio o expediente de xubilación forzosa con efectividade do día 19 de abril de 2026, data na que alcanza a idade ordinaria de xubilación conforme ao previsto no artigo 67.1.b do Real Decreto Lexislativo 5/2025, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 68 da Lei 2/2025, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

	IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Fecha y Hora	24/03/2026 14:48:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R47CNHRUPTV22EYROVCACU	Página	46/46

